

**RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE A COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DO ALUMNADO QUE REALICE PRÁCTICAS CURRICULARES NON REMUNERADAS****Antecedentes**

O Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, *de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións*, no seu artigo único “Modificación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro”, no punto trinta e catro engade unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda ao referido texto refundido. Dita disposición establece no seu punto 4 o seguinte:

“O cumprimento das obrigacións á Seguridade Social axustarase ás seguintes regras:

- No caso das prácticas formativas remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá para estes efectos a condición de empresario. No caso de que o programa estea cofinanciado por dúas ou máis entidades ou organismos, terá a condición de empresario aquel ao que corresponda facer efectiva a respectiva contraprestación económica. As altas e as baixas na Seguridade Social practicaranse de acordo coa normativa xeral de aplicación.
- No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización dispoña que as tales obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa”.

Mediante a Resolución reitoral do 16/10/2023, resolveuse que *“A Universidade da Coruña asumirá desde o 1 de xaneiro de 2024 a cotización e a tramitación da alta na Seguridade Social dos e das estudantes en prácticas externas curriculares e extracurriculares non remuneradas, salvo acordo expreso das partes en contrario, en tanto se manteña en vigor a Disposición Adicional 52ª do Real Decreto-Lei 2/2023, do 16 de marzo”*.

Con data 29/12/2023, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións publicou unha resposta ás consultas recibidas respecto do alcance desa disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, do seguinte tenor:

“... las prácticas extracurriculares, en tanto son de carácter voluntario y no forman parte del Plan de Estudios, no pueden considerarse dirigidas a la obtención de las titulaciones que relaciona la letra a) del apartado 1 de la disposición adicional quincuagésima segunda del TRLGSS, por lo que su realización no permite el alta en el Régimen General como asimilados a trabajadores por cuenta ajena al amparo de la citada disposición adicional”.

Código Seguro De Verificación	qjYRIohoAThTdZJLS5Mi6g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/01/2024 12:54:05
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qjYRIohoAThTdZJLS5Mi6g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Con data 25 de xaneiro de 2024 a Secretaria Xeral emite un informe xurídico sobre a aplicación do “Criterio 11/2023” da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, ao estudantado que realice prácticas externas, no que se propón a aprobación da presente Resolución, sinalando que resulta necesario modificar a Resolución reitoral do 16/10/2023, no sentido de eliminar a referencia as “prácticas extracurriculares”, por canto a súa realización non permite a alta na Seguridade Social. Así mesmo, sinala que os convenios xa asinados non deben ser modificados, bastando con comunicar esta modificación ao estudantado e ás entidades afectadas, toda vez que o cambio operado non ten incidencia no interese público, non afecta a terceiros, nin altera a relación bilateral sobre a que se asenta o convenio.

Polo anterior,

RESOLVO:

1º. A Universidade da Coruña asumirá a cotización e a tramitación da alta na Seguridade Social dos e das estudantes en prácticas externas curriculares non remuneradas, salvo acordo expreso das partes en contrario. As prácticas extracurriculares non remuneradas non serán dadas de alta na Seguridade Social.

2º. Este compromiso deberá reflexarse nos convenios polos que se rexen as prácticas externas, ou nas addendas a ditos convenios, que se subscriban a partir do día seguinte ao da publicación da presente Resolución.

3º. Os convenios e addendas asinados con anterioridade poden manterse nos seus propios termos, se ben a Universidade da Coruña debe informar á entidade e ao alumnado afectado dos termos desta Resolución.

4º. A Universidade da Coruña actualizará os modelos de convenios e de addendas de prácticas externas a fin de que recollan o previsto nesta Resolución.

5º. Esta Resolución deixa sen efecto a anterior de data 16/10/2023.

O Reitor

Ricardo Cao Abad

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
qjYRIohoAThTdZJLS5Mi6g==	Asinado	30/01/2024 12:54:05
Asinado Por	Páxina	2/2
Reitor - Ricardo José Cao Abad		
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/qjYRIohoAThTdZJLS5Mi6g==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).

